

O Club de Prensa de Ferrol convoca a edición Nº 35 do certame GALICIA EN FOCO, para elixir a Foto do Ano de Galicia en Foco e a Foto- Reportaxe do Ano de Galicia en Foco, entre aquelas que foran publicadas nos medios ao longo do ano 2025. Coas fotos e foto-reportaxes seleccionadas montarase unha exposición que terá carácter itinerante por diversas cidades e vilas de Galicia e elaborarse un catálogo para dar a coñecer e difundir a obra seleccionada entre as fotos presentadas.

O certame Nº 35 de GALICIA EN FOCO rexerese polas seguintes :

BASES EDICIÓN Nº 35 DO CERTAME DE FOTO-XORNALISMO E GALICIA EN FOCO

1. Poderán concorrer **os/as** foto-xornalistas cun traballo de tema galego ou relacionado con Galicia.
2. As fotografías deberán estar publicadas en medios de comunicación (papel ou dixital) de cabeceiras recoñecidas entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025.
3. Créanse dous apartados de participación (Foto do Ano e Foto- Reportaxe do Ano), podendo concorrer cada autor/a só a un.
 - a) **FOTO DO ANO.** Os/as fotógrafos/as enviarán como máximo tres fotografías en B/N ou color. Para esta modalidade. Deberase enviar a maiores, orixinal ou copia, lexible e enteira, da páxina do medio, ou medios, onde foron editadas. A foto que resulte elixida polo xurado como FOTO DO ANO DE GALICIA EN FOCO recibirá un premio dotado con 750,00 Euros e unha figura creada por Isaac Díaz Pardo para este certame
 - b) **FOTO-REPORTAXE DO ANO.** Os fotógrafos enviarán entre tres e catro fotografías en B/N ou color, que formarán unha serie e irán acompañadas dun texto explicativo da temática cun máximo de 700 caracteres. Enviarán tamén copia ou orixinal lexible da publicación desta reportaxe no medio onde foi publicada. As fotos que figuren na reportaxe deberán corresponder ao ano 2025. A FOTO REPORTAXE DO ANO recibirá un premio dotado con 750,00 Euros e unha figura creada por Isaac Díaz Pardo para este certame.
 - c) As/os fotógrafas/os que na edición 34 recibiran o premio á **Foto do Ano de Galicia en Foco**, non poderán optar a esta modalidade, aínda que si poderán facelo ao premio “ **Serie do Ano de Galicia en Foco**” De igual xeito as/os fotógrafas/os que na 34 edición recibiran o premio á **Serie do Ano de Galicia en Foco** , non poderán optar a esta modalidade, pero si poderán facelo á **Foto do Ano de Galicia en Foco**.
4. Os/as autores/as enviarán as fotografías en arquivo dixital por correo electrónico a galiciaenfoco@clubdeprensaderrol.com
5. As especificacións técnicas dos arquivos son:

Espazo de cor AdobeRGB(1998), 8 bits, formato JPG (opcións de imaxe en calidade máxima, liña de base estándar), a 300 ppp de resolución e con tamaño de imaxe do lado máis grande de 30 cm.
6. O nome dos arquivos fotográficos debe ser: nome do autor1-2-3.jpg (no caso das fotos do apartado 3a). No caso das fotos de reportaxe (3b) será: nome do autor serie 1-2-3-4.jpg.
7. Cada fotografía enviarase coa súa ficha individual debidamente cuberta que se poderá descargar no enlace da web. do Club de Prensa de Ferrol: <http://clubdeprensaderrol.com/galicia-en-foco/>
8. Os/as fotógrafos/as enviarán un breve currículo cos temas que consideren mais importantes e que non superen os 800 caracteres con espazos, (ademais de cubrir a ficha de inscrición), coa formación e actividade profesional.
9. O prazo de recepción remata o día 24 de maio de 2025 ás 14.00 h. A comprobación do correo ou calquera dúbida farase no mesmo enderezo: galiciaenfoco@clubdeprensaderrol.com
10. O Xurado estará composto por: a presidencia do Club de Prensa de Ferrol (ou en quen delegue), e tres foto-xornalistas de recoñecido prestixio, asistidos por un secretario con voz e sen voto, membro do Club de Prensa de Ferrol.
11. O Club de Prensa de Ferrol poderá utilizar as obras para os fins previstos neste certame, así como nas súas publicacións e nunha exposición e un catálogo que reúna as obras seleccionadas entre as presentadas. Resérvase os dereitos de reprodución gráfica das obras premiadas, que poderán ser difundidas a través da súa páxina web e calquera outro medio publicado pola devandita Asociación, así como nas redes sociais.
12. A presentación a este certame supón a aceptación das bases.